

**Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio
Ambiente e Servizos**

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm 32426 (10/PNC-002649)** incluída na orde do día da sesión que se celebrará o 4 de xullo de 2018.

Emenda de adición

Débase engadir ao remate do punto 1. a seguinte expresión:

“, no lugar da Silvouta tal e como propuxo o Concello, co respaldo da USC, en febreiro.”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 03/07/2018 17:10:13

Luis Villares Naveira na data 03/07/2018 17:10:25

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e á iniciativa da deputada María Ángeles Antón Vilasánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia 10/PNC-002649 (32426)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para acadar o bo estado ecolóxico das augas do río Sar, así como solucionar a depuración e o tratamento de todas as augas residuais urbanas que verten a ese río

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acadar os obxectivos de bo estado ecolóxico das augas do río Sar e dar resposta á depuración e ao tratamento de todas as augas residuais urbanas que verten ao dito río a través das seguintes medidas:

- 1.- Instando ao Concello de Santiago a asinar o convenio de colaboración acordado entre as tres administración implicadas na nova EDAR do Souto de Santiago de Compostela, co fin da súa inmediata posta en marcha.
- 2.- Continuar traballando, xunto co concello de Ames, e colaborando para a mellora do seu saneamento co obxectivo de acadar o bo estado das augas do río Sar.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/07/2018 16:54:56

Maria Antón Vilasánchez na data 03/07/2018 16:55:27

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asentamento e actividade industrial de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra (10/PNC-002648, documento número 32416).

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar do Goberno do Estado a anulación da prórroga concedida a Ence o 20 de xaneiro de 2016 por un período de 60 anos, de acordo co desenvolvemento dos procedementos xurídicos vixentes.
2. Denegar a aprobación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán, se non se compren na súa totalidade os requisitos legais, medioambientais e paisaxísticos establecidos.”

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/07/2018 17:18:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2018 17:18:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia